

A LITERATURA GALEGA NO EXILIO

A represión iniciada na Guerra Civil, obrigou a boa parte dos intelectuais galegos ao exilio. O centro da actividade literaria galega trasladouse a México, Cuba, Venezuela e, sobre todo, a Buenos Aires, onde os escritores exiliados entraron en contacto cos que emigraran anteriormente e impulsaron a produción editorial e a continuidade do discurso literario en lingua galega.

1. A POESÍA é o xénero máis cultivado, sendo a vertente social e política a dirección máis frecuente. Os temas máis recorrentes son a denuncia social, a reflexión sobre o drama dos emigrantes e dos exiliados galegos e a reivindicación da dignidade e do pasado histórico de Galicia. Os autores máis destacados son:

EMILIO PITA (*Jacobusland. Cantiga de nenos*)

LORENZO VARELA

Autor de *Catro poemas para catro gravados* (1944), obra na que exalta figuras míticas da Galicia medieval (María Pita, Roi Xordo, María Balteira,...) e *Lonxe* (1954), que contén poemas centrados nas consecuencias da Guerra Civil e poemas tinguidos pola saudade. Tematicamente a súa poesía está próxima á de Luis Seoane pero non así o seu estilo, máis próxima á poesía de vangarda galega, da que se poden rastrexar pegadas do hilozoísmo e do neotrobadorismo (poema "María Balteira").

LUÍS SEOANE

A súa obra poética iníciase con *Fardel do eisiliado* (1952), supón a 1ª mostra importante da poesía social da postguerra.

Na obras posteriores desaparece o ton épico e o predominio do verso longo, pero mantén outros rasgos comúns como son a ausencia de figuras literarias, a ausencia de ritmo e de rima, o gusto pola enumeración de substantivos e a inmediatez da súa mensaxe, coa intención de que a mensaxe chegue á maioría de lectores.

2. A NARRATIVA

Obras escritas no exilio e case todas publicadas na democracia. Son realistas e cargadas de elementos autobiográficos que tratan o tema da guerra civil, así como o dos anos inmediatamente posteriores. O mundo dos fuxidos, da guerrilla antifranquista e da represión son debuxados nuns textos directos que case sempre empregan un narrador en 1ª persoa.

Ramón de Valenzuela (*Non agardarei por ninguén* e *Era tempo de apandar*)

Silvio Santiago (*O silencio redimido*)

Antón Alonso Ríos (*O señor Afranio - ou como me rispei das gadoupas da morte-*)

Pero tamén se publican obras clave da nosa literatura como *A Esmorga*, de **Blanco Amor** ou *Memorias dun neno labrego* (1961) de **Neira Vilas**.

3. O TEATRO: dentro del conviven dúas tendencias:

-Teatro culto con técnicas e temas de carácter innovador (Castelao, Luís Seoane).

-Teatro máis popular, enxebriista e costumista (Manuel Varela Buxán ou Ricardo Flores).

Manuel Varela Buxán foi un dos principais animadores do teatro galego na Arxentina. Ademais de autor teatral foi tamén director e actor. As súas obras son de corte rural-costumista e humorístico, aínda que non están exentas de crítica social. A súa compañía "Maruxa Villanueva" foi a encargada de representar *Os vellos non deben de namorarse*.

Castelao culminou con esta obra o camiño da renovación estética do teatro galego que no primeiro terzo do século XX iniciaran as Irmandades da Fala e o grupo Nós.

As liñas básicas da súa concepción teatral son:

- Gusto pola expresión concentrada e pola simetría estrutural
- Simbolismo e expresionismo combinados con elementos de humor e da tradición cultural galega
- Preferencia por un teatro de protagonismo popular
- Concepción da obra como un espectáculo no que se combinan texto, escenografía, música e danza

Tamén en Bos Aires **Eduardo Blanco Amor** dirixiu o Teatro Popular Galego (1957) e escribiu varias pezas que se coñeceron en Galicia recompiladas en dous volumes *Farsas para títeres* (1973) e *Teatro pra a xente*(1974). Unhas son obriñas de realismo costumista, pensadas para “a xente do noso pobo”, público pouco afeito a ler ou ver teatro; outras son farsas, non realistas, moi imaxinativas, cheas de elementos fantásticos e satíricos, que lembran o esperpento de Valle Inclán ou o teatro do absurdo europeo; están pensadas para un público culto